

3 A hidrosfera, a auga na Terra

1 A hidrosfera

1.1 As augas mariñas

A hidrosfera é o conxunto de augas da Terra. Consta de augas mariñas e augas continentais.


As augas mariñas representan algo máis do 97% do total de auga do planeta. Están integradas polos océanos e os mares.

- Os **océanos** son grandes masas de auga salgada. Hai cinco océanos que, de maior a menor extensión, son: o Pacífico, o Atlántico, o Índico, o Glacial Ártico e o Glacial Antártico.
- Os **mares** son porcións dos océanos próximas á costa.

1.2 As augas continentais

As augas continentais adoitan ser doces e localízanse nos ríos, nos glaciares, nos lagos e nos acuíferos.

- Os **ríos** son correntes de auga doce que discorren por un leito. No seu curso alto, os ríos desgastan e erosionan a terra; no seu curso medio, transportan os materiais erosionados; no curso baixo, depositan os materiais.
- Os **glaciares** son masas de xeo acumuladas nos polos ou nas altas montañas.
- Os **lagos** son masas de auga depositadas en zonas afundidas da superficie terrestre.
- Os **acuíferos** son embolsamentos de auga baixo a superficie da Terra.



► Distribución mundial da auga.

Representación das augas continentais



- A cantidade de auga que hai na Terra mantense constante grazas ao ciclo da auga. Non obstante, é un recurso desigualmente repartido. Tamén, a sobreexplotación e a contaminación das augas continentais pode agravar este problema para o futuro.

Tarefas para progresar

▼ Usar o vocabulario

- 1 Define o concepto de *hidrosfera*.

.....

.....

.....

- 2 Cita os cinco océanos da Terra ordenándoos de menor a maior extensión.

.....

.....

.....

- 3 Di a que termos corresponden as seguintes definicións:

a) Corrente de auga en movemento continuo.

.....

b) Bolsa de auga baixo a superficie terrestre.

.....

c) Masa de xeo acumulado.

.....

d) Masa de auga depositada nunha zona afundida da superficie terrestre.

.....

e) Porcións dos océanos.

.....

▼ Relacionar informacións


- 4 Une con frechas a parte do curso dun río coa súa acción sobre a Terra.

Curso alto	Transporte
Curso medio	Sedimentación
Curso baixo	Erosión

- 5 Escribe, no seu lugar correspondente, o concepto representado pola seguinte imaxe.




- 6 Neste gráfico indica que porcentaxe corresponde á auga mariña e á auga continental.



▼ Organizar a información

- 7 Completa este cadro resumo.



2 Mares, lagos e ríos dos continentes

2.1 As augas do continente asiático

Os **mares** principais que rodean o continente asiático son Kara, Bering, Okhotsk, mar de Xapón, mar de China, Arábigo e Vermello.

Entre os **lagos** destacan o mar de Aral, mar Morto e mar Caspio, de auga salgada, e o mar Baikal, de auga doce.

Os **ríos** máis destacados son o Yangtsé (o máis longo do continente), e os ríos Obi, Ienisei, Lena, Amur, Huang He, Ganxes e Indo.

2.2 As augas do continente americano

En América, os **mares** principais son os do Labrador e o Caribe.

Os **lagos** máis destacados son, en América do Norte, os Grandes Lagos, e en América do Sur, os lagos Maracaibo e Titicaca.

Entre os **ríos** máis sobresaíntes encóntranse, en América do Norte, o Yukon, o Mackenzie, o Saint Lawrence, o Mississippi e o Río Grande; e en América do Sur, os ríos Amazonas, Orinoco e Paraná.

2.3 As augas do continente africano

En África hai poucos **mares** debido ás súas costas rectilíneas. En cambio, son numerosos os **lagos**, como Chad, Victoria, Albert, Tanganica e Malawi.

Entre os **ríos** africanos destacan o Nilo, que desemboca no mar Mediterráneo; os ríos Níxer, Congo e Orange, que verten as súas augas no océano Atlántico; e o Zambezi, que vai dar ao océano Índico. No deserto, os ríos só levan auga cando chove.

2.4 As augas de Oceanía

En Oceanía, o mar máis importante é o de Tasmania. Os **ríos** máis destacados localízanse en Australia, e son o Darling e o Murray. O **lago** máis extenso é o Eyre, tamén en Australia.

► Barcos navegando polo Mississippi (EEUU).



► Mapamundi das augas continentais.


Tarefas para progresar

▼ Relacionar informacións

8 Dos seguintes lagos de Asia, sinala cun X os que son de auga salgada:

Aral	Baikal
Morto	Caspio

9 Consulta o mapa e sitúa no seu lugar correspondente estes ríos, mares e lagos de Asia:



Obi, Lena, Bering, Yangtsé, Xapón, Caspio, Baikal, Huang He, Morto, Kara, Vermello, Aral.

RÍOS	MARES	LAGOS

▼ Localizar informação no espaço

10 En que continente se sitúan o mar de Tasmania, o río Darling, o río Murray e o lago Eyre?

.....
11 Relaciona estes lagos con América do Norte (A.N.) ou con América do Sur (A.S.):

Superior Maracaibo
 Erie Titicaca

12 En que océano verten as súas augas case todos os ríos de América?

13 Cal é o río máis longo do mundo?

3 Mares, lagos e ríos de Europa

3.1 As augas do continente europeo

En Europa, os **mares** principais que bordean o continente son Barents, Báltico, Norte, Cantábrico, Mediterráneo, Tirreno, Adriático, Xónico, Exeo e Negro.

Os **lagos** son moi abundantes no norte e no centro do continente. Os máis importantes son Onega, Ladoga, Peipus, Leman e Constanza.

Os **ríos** europeos son moi numerosos; desembocan nos océanos Glacial Ártico e Atlántico, e nos mares Mediterráneo, Negro e Caspio; todos eles son navegables.

- Os **ríos atlánticos** (Loira, Sena, Rhein, Elba, Oder e Vístula) son longos, caudalosos e regulares.
- Os **ríos mediterráneos** (Ródano e Po) son curtos, pouco caudalosos e irregulares.
- Os ríos que desembocan no **mar Negro** (Danubio, Dnestr, Dnepr e Don) e no mar Caspio (Volga e Ural) son longos, caudalosos e bastante regulares.

Tarefas para progresar

▼ Relacionar informacións

14 Localiza, con axuda do texto e do mapa, e sitúa no seu lugar correspondente, estes mares, lagos e ríos do continente europeo:

Cantábrico Tirreno Volga Onega Ladoga
Danubio Norte Adriático Ródano Rhein

Ríos	MARES	LAGOS

15 Con axuda do texto e do mapa, indica en que mar desemboca cada un dos seguintes ríos:

Rhein Danubio
Ródano Volga



► Arriba, mapa das augas de Europa.

► Abaixo, lago Leman, Suíza.





Tarefas para progredir

▼ Conhecer o espaço natural

16 Localiza no mapa estes mares, lagos e rios europeus:

Mar do Norte	Rio Loira	Mar Cantábrico	Mar Tirreno	Rio Dnestr
Mar Báltico	Rio Sena	Lago Constanza	Mar Adriático	Rio Dnepr
Lago Onega	Rio Rhein	Lago Lemano	Mar Xónico	Rio Don
Lago Ladoga	Rio Elba	Mar Mediterrâneo	Mar Exeo	Rio Volga
Lago Peipus	Rio Oder	Rio Ródano	Mar Negro	Rio Ural
Rio Pechora	Rio Vístula	Rio Po	Rio Danubio	Rio Dvina Septent.